

Taller de creación literaria con Dores Tembrás

Enderezo:

[Centro Ágora](#)

Data:

Dende o 02/05/2013 ata o 20/06/2013

Horario:

Xoves de 20.00 a 22.00 h.

Prezo:

Inscripción gratuíta na web do 18 ao 30 de abril.

[Formulario de inscrición](#)



[Engadir ó meu móbil](#)

A escritura do poema: dende a reflexión ao sen alento. A proposta deste taller é sinxela, pero ambiciosa: adentrármonos no acto da escritura.

Para isto contaremos con oito sesións de dúas horas que investiremos en achegarnos as distintas poéticas da literatura galega contemporánea que nos permitirán coñecer a variedade de estilos e abordaxes ao acto creador.

Ese será o punto de partida para reflexionar sobre o espazo do poema e os seus mecanismos, tentando aproximarnos á definición do acontecer poético.

Ligado a isto afondaremos na procura da palabra e o traballo coa linguaxe: silencio, emoción, suxestión.

Diferentes exercicios poñerán de relevo os puntos fortes nos que debe afianzarse a proposta de cada participante e tamén aqueles máis débiles que nos levarán á procura de alternativas.

Todo co obxectivo de adquirir as ferramentas necesarias nas que poder desenvolver cada elección individual.

Todo para afondar, entre derivas, no fascinio poético.

Datas de realización: dende o 2 de maio ao 20 de xuño.

Inscripción gratuita en la web del 18 al 30 de abril

[Formulario de inscrición](#)

Número de prazos: 20.

Idade mínima: 18 anos.

Completadas as prazas, abrírase **unha lista de espera**, chamando ao **CMIX Centro Municipal de Información Xuvenil** no **teléfono 981 184 294**.

Máis información: <http://www.coruna.es/nex>

Organiza: Centro Ágora en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Biblioteca Municipal do Ágora.